



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Comité de Seguridade e Saúde Intercentros

Onte tivemos reunión en Madrid do CSSI onde se trataron os seguintes asuntos:

- **Memoria de actuacións preventivas 2018:**

A Administración mostrounos un primeiro anticipo cunha serie de datos estatísticos do 2018 que aínda non están pechados

- **Consulta e participación no proceso de implementación do protocolo de VEX (violencia externa) e PROSAL asociado. Proposta de creación dun grupo de traballo:**

Aprobose a creación dun grupo de traballo entre os membros do CSSI para facer chegar as propostas para a implantación do protocolo. Como xa sabedes, o protocolo xa está colgado na intranet na seguinte ruta (Intranet/RR.HH/Información General/Área Informativa/Protocolos) pero hai que establecer as pautas para súa posta en marcha.

- **Vixilancia Aduaneira: consulta sobre novas fichas do catálogo de EPI,S, siniestralidade laboral no DAVA, resultado das avaliacións de riscos realizadas e previsión de actuacións en materia de PRL**

En canto ás fichas dos equipos de protección individual apróbanse a semimáscara de gases e vapores, arnés anticaídas (que leva aparexado un curso de formación específico), casco e calzado de seguridade para o persoal de Aduanas e gafas de protección solar. Infórmase nos por riba tamén das avaliacións realizadas (Fulmar, laboratorio central de Aduanas, estudo de gases e fumes na Aduana de Vigo, etc), polo que pedimos que se nos entreguen os correspondentes informes para poder efectuar unha valoración. En canto á siniestralidade laboral, insistimos na necesidade de repoñer personal de Vixilancia Aduaneira pois a idade é un factor directamente relacionado cos accidentes. Por último, no apartado de rogos e preguntas, solicitamos que se realicen medicións de radón nas Delegacións e Administracións da AEAT de Galicia.